

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Cidrás Pidre, José
Lago Ferreira, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, M^a Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica
DECANOS/DIRECTORES
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Formella, Arno
García Fontán, María Soledad
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Torres Romay, Emma

PDI-A

Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Romo Pérez, Vicente
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga

ESTUDANTES

González González, Jaime
Lima González, Estela
Martínez Gómez, Sandra María
Meis Solla, Iago
Piñero Vivas, Miguel Ángel
Redondo Cervantes, Montserrat
Rodríguez Pousa, Estela
Santos Grandal, Juan

PAS

Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María
Ríos Santomé, María José

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Álvarez González, Susana
Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tomé, Raquel
López Mira, Álvaro Xosé
Río Otero, Coral del

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 27 de setembro de 2024, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 27 de setembro de 2024 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos do Edificio Ernestina Otero do Campus de Vigo.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de xullo de 2024.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, dunha solicitude de transferencia de crédito.
4. Aprobación, se procede, do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2026/2027.
5. Aprobación, se procede, do nomeamento das persoas da Universidade de Vigo que compoñen as comisións de Avaliación da IV convocatoria do programa Docencia.
6. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da produción de investigación e transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2024.
7. Aprobación, se procede, da modificación dos parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do SUG. Acceso ao curso 2025/2026.
8. Nomeamento en substitución de dous membros da Comisión de Permanencia e Progreso: María Ángeles Cancela Carral polo sector directores/as-decanos/as e Miguel Ángel Piñero Vivas polo sector de estudantado.
9. Elección dos seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno: Organización Académica e Profesorado (1 estudante); Planificación e Asuntos Económicos (1 estudante) e Extensión Universitaria e Estudantes (1 estudante).

10. Elección dun representante na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 estudante.
11. Elección de representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Tecnolóxico e 1 estudante do ámbito Científico.
12. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de xullo de 2024.

O reitor pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Raquel Rey Vilas, nomeada directora da Unidade de Diversidade.
- Yolanda Blanco Fernández, nomeada directora de Área de Dixitalización.
- Equipo da Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica:
 - Director de área de Procedemento e Sistemas: Sergio Herrería Alonso.
 - Directora de área de POD e recoñecementos: Marta Teijeira Bautista.
 - Directora de área de Prazas e Acreditacións: Marta González Rodríguez.
- Mediación da que se falara no anterior Consello de Goberno, a proposta do reitor, sobre o asunto de María Cruz Barreiro Carril: levouse á Comisión de Convivencia e Bo Goberno o día 5 de setembro, elevándose a petición ás partes implicadas, pero non foi aceptada pola parte maioritaria.
- Reanudáronse os traballos da Comisión de Estatutos.
- O Máster en Xestión Empresarial do Deporte, dirixido polo profesor Patricio Sánchez, sitúase no sétimo posto de Europa e no 25 mundial no ranking SportBusiness.
- O CACTI celebrou o seu 30 aniversario.
- Presentación do estudo sobre egresados da Universidade de Vigo do Observatorio de Persoas tituladas, grazas ao Consello Social.
- Celebrouse en Ourense o I Congreso do Programa IACOBUS.
- Celebradas na UDC unhas xornadas sobre programas universitarios de maiores, organizado polas asociacións de maiores.
- V Congreso Internacional da Auga, organizado pola facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.
- O programa Integra, que agora se chama María Goyri, renomeado así en memoria desta filóloga do Estado, xa estamos á espera da sinatura pública.

Remata o informe ás 10.10.

3. Aprobación, se procede, dunha solicitude de transferencia de crédito.

O reitor pide que se aprobe por asentimento. A documentación a tiñan a disposición todos os membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2026/2027.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen fai a seguinte presentación:

Informada favorablemente por asentimento da COAP o 18 de setembro de 2024

Declaración de interese e modificación non substanciais (grao e mestrado):

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2024/2025)	Formalización
Presentación da declaración de interese de verificación/modificación grao/mestrado	Xunta de Centro Equipo de Goberno	Ala o 25 de outubro de 2024	- Envío por correo electrónico¹ dos seguintes documentos: - Declaración de intencións de presentación de verificación/modificación do grao /mestrado, acompañada da composición nominal da comisión redactora da memoria. Remisión á SXEG/SXEP e difusión á comunidade universitaria
Remisión da documentación da proposta de modificación non substancial á SXEG/SXEP	Secretaría/a do centro	Ala o 25 de outubro de 2024	- Envío por correo electrónico¹, en versión editable, dos seguintes documentos: - Formulario de solicitude de modificación non substancial para títulos de grao e de mestrado da ACSUG - Informe/ certificación, en castelán, da aprobación das modificacións non substanciais pola Comisión de Calidade do centro, emitido polo secretario/a do centro
Difusión á comunidade universitaria	SXEG/SXEP	Desde o 29 de outubro ata o 8 de novembro de 2024	Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta de modificacións non substanciais presentadas	COAP	Ala o 22 de novembro de 2024	Informe da COAP
	Consello de Goberno	Ala o 29 de novembro de 2024	Acordo do Consello de Goberno
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación das propostas de verificación/modificación, aos requisitos xerais e á estratexia institucional	COAP	Ala o 22 de novembro de 2024	Informe da COAP
	Consello de Goberno	Ala o 29 de novembro de 2024	Acordo do Consello de Goberno

Informada favorablemente por asentimento da COAP o 18 de setembro de 2024

Declaración de interese e modificación non substanciais (doutoramento):

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2024/2025)	Formalización
Presentación da declaración de interese	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) Grupos/equipos de investigación Dirección da EIDO Equipo de Goberno	Ata o 25 de outubro de 2024	- Correo electrónico ¹ a edo.verifica@uvigo.es segundo o formato normalizado dos seguintes documentos: 1. Declaración de interese de presentación do programa de doutoramento, acompañada da composición nominal da comisión redactora da memoria, no caso de verificación
Remisión da documentación da proposta de modificación non substancial á EIDO	Secretaría/a da CAPD	Ata o 25 de outubro de 2024	- Envío por correo electrónico ¹ , en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Formulario de solicitude de modificación non substancial para programas de doutoramento da ACSUG 2. Informe ² certificación, en castelán, da aprobación das modificacións non substanciais pola Comisión de Calidade do centro, emitido polo secretario da EIDO
Difusión á comunidade universitaria	SXEP	Desde o 28 de outubro ata o 8 de novembro de 2024	- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta de modificacións non substanciais presentadas	EIDO	Ata o 22 de novembro de 2024	- Informe do Comité de Dirección da EIDO
	Consejo de Goberno	Ata o 29 de novembro de 2024	- Acordo do Consejo de Goberno
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta de modificacións substanciais aos requisitos xerais e á estratexia institucional	EIDO	Ata o 29 de novembro de 2024	- Informe do Comité de Dirección da EIDO
	Consejo de Goberno	Ata o 29 de novembro de 2024	- Acordo do Consejo de Goberno

Informada favorablemente por asentimento da COAP o 18 de setembro de 2024

Proposta de memoria inicial (grao e mestrado):

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2024/2025)	Formalización
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vixente	Xunta de Centro	Ata o 28 de febreiro de 2025	- Segundo o establecido pola Xunta de Centro
Aprobación da memoria inicial			- Envío por correo electrónico ¹ , en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Memoria de verificación/modificación segundo o formato normalizado 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo o formato normalizado. 4. Acordo de aprobación da memoria no centro/titulación 5. Documentación que proceda (convenios, cartas de apoio etc.)
Remisión da documentación da proposta á SXEG e á SXEP	Secretaría/o do centro	Ata o 3 de marzo de 2025	
Exposición pública á comunidade universitaria na web da Universidade	SXEG/SXEP	Desde o 5 de marzo de 2025 ata o 21 de marzo de 2025	- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Recollida de alegacións	SXEG/SXEP	Durante o prazo de exposición pública	- As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico ¹
Avaliación da memoria inicial e remisión do informe técnico	VTID/SXEG/SXEP	Ata o 2 de abril de 2025	- Desde os servizos e a vicerreitoría revisaranse as propostas - Envío do informe técnico por correo electrónico, con indicación dos aspectos que se deban matizar ou modificar

Informada favorablemente por asentimento da COAP o 18 de setembro de 2024

Proposta de memoria inicial (doutoramento):

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2024/2025)	Formalización
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vixente	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD ²)	Ata o 28 de febreiro de 2025	Segundo o establecido na propia CAPD
Aprobación da memoria inicial			
			– Envío por correo electrónico (exdo.verifica@uvigo.gal), en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Memoria de verificación/modificación segundo o formato normalizado 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións 3. Memoria xustificativa dos requisitos e memoria económica segundo o formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria na CAPD 5. A documentación que proceda (convenios, cartas de apoio etc.)
Remisión da documentación da proposta á EIDO	Secretario/a de CAPD	Ata o 3 de marzo de 2025	
Exposición pública á comunidade universitaria na web da Universidade	SXEP	Desde o 5 de marzo de 2025 ata o 21 de marzo de 2025	– Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Recollida de alegacións	SXEP	Durante o prazo de exposición pública	– As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico a exdo.verifica@uvigo.gal
Avaliación da memoria inicial e remisión á CAPD do informe técnico	EIDO/SXEP	Ata o 2 de abril de 2025	– Desde o SXEP e a EIDO revisaranse as propostas de programas de doutoramento – Envío do informe técnico por correo electrónico aos coordinadores/as, con indicación dos aspectos que se deban matizar ou modificar

Informada favorablemente por asentimento da COAP o 18 de setembro de 2024

Proposta de memoria final (grao e mestrado):

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2024/2025)	Formalización
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións	Xunta de Centro	Ata o 25 de abril de 2025	– Segundo o establecido pola Xunta de Centro
			– Envío por correo electrónico ¹ , en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas 2. Memoria de verificación/modificación segundo o formato normalizado 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo o formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación 5. Documentación que proceda
Remisión da documentación da proposta definitiva ao SXEP (grao) ou ao SXEP (mestrado)	Secretario/a do centro	Ata o 28 de abril de 2025	
Informe da COAP	COAP	Ata o 16 de maio de 2025	
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Ata o 30 de maio de 2025	
Informe do Consello Social	Consello Social	Ata o 30 de maio de 2025	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VTID	2 de xuño de 2025	

Informada favorablemente por asentimento da COAP o 18 de setembro de 2024

Proposta de memoria final (doutoramento):

Tramitación pola Universidade de Vigo	Responsable	Datas (2024/2025)	Formalización
Actividades			
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións	CAPD	Ale o 25 de abril de 2025	– Segundo o establecido pola CAPD
Remisión da documentación da proposta definitiva á EIDO	Secretaría/a da CAPD	Ale o 28 de abril de 2025	– Envío por correo electrónico (eido.verifica@uvigo.gal) en formato Word dos seguintes documentos: 1. Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas 2. Memoria de verificación/modificación segundo o formato normalizado. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo o formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación 5. Documentación que proceda
Aprobación da memoria e informe da EIDO	EIDO	Ale o 16 de maio de 2025	
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Ale o 30 de maio de 2025	
Informe do Consello Social	Consello Social	Ale o 30 de maio de 2025	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VTID	2 de maio de 2025	

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do nomeamento das persoas da Universidade de Vigo que compoñen as comisións de Avaliación da IV convocatoria do programa Docencia.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa dos nomeamentos:

Nomeamento das persoas da Universidade de Vigo que compoñen as comisións de avaliación da cuarta convocatoria do Programa Docencia:

De acordo co establecido no punto 3.2.2 do Manual do Programa Docencia aprobado polo Consello de Goberno o 30 de outubro de 2023:

«O Consello de Goberno nomeará os membros das comisións de avaliación por un período máximo de tres convocatorias de avaliación»

Comisión do ámbito científico		Comisión do ámbito científico	
Muñoz López, Luis	Presidente	Muñoz López, Luis	Presidente
González Represas, Alicia	Secretaria	González Represas, Alicia	Secretaria
Pombal Diego, Manuel Ángel	Vogal	Pombal Diego, Manuel Ángel	Vogal interno
Soto Vázquez, José Luis	Vogal	Ribó Lois, Alexo Breogán	Vogal estudante
Ferreira Faro, Lilian Rosana	Representante da mesa do PDI	Ferreira Faro, Lilian Rosana	Representante da mesa do PDI

Universidade de Vigo



Nomeamento das persoas da Universidade de Vigo que compoñen as comisións de avaliación da cuarta convocatoria do Programa Docenteia:

Comisión do ámbito humanístico

Dominguez Castro, LuisPresidente

Fondo Ferreiro, PabloSecretario

Cuevas Alonso, MiguelRepresentante da mesa do PDI

Comisión do ámbito tecnolóxico

Vázquez Dorrio, José BenitoPresidente

Goicoechea Castaño, María IciarSecretaria

Area Carracedo, Iván CarlosVogal

Ramos Vázquez, Antonio ManuelVogal

González de Prado, BegoñaRepresentante da mesa do PDI

Comisión do ámbito xurídico-social

Otero Neira, CarmenPresidenta

Diz Comesaña, EvaSecretaria

Gutiérrez Santiago, AlfonsoVogal

Iglesias Allica, MalenaVogal

Alonso Álvarez, José NicanorRepresentante da mesa do PDI

Comisión do ámbito humanístico

Dominguez Castro, LuisPresidente

Velasco Martínez, LuisSecretario

Rodríguez Álvarez, LucíaVogal interno

VacanteVogal estudante

Acuña Trabazo, AnaRepresentante da mesa do PDI

Comisión do ámbito tecnolóxico

Rodríguez Rodríguez, Ana MaríaPresidenta

Deive Herva, Francisco JavierSecretario

VacanteVogal interno

López Escobar, Juan JoséVogal alumno

González de Prado, BegoñaRepresentante mesa do PDI

Comisión do ámbito xurídico-social

Diz Comesaña, EvaPresidenta

García-Pintos Escuder, AdelaSecretaria

Rodríguez Losada, SorayaVogal interna

Iglesias Allica, MalenaVogal estudante

Pendente de nomearRepresentante da mesa do PDI

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da produción de investigación e transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2024.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen presenta os cambios:

Producción de investigación

Ata agora existían nove categorías nas editoriais que xurdían da combinación de dous criterios:

1. Editorial de ámbito internacional (I), nacional (E) e local (A).
2. Se a editorial aparecía no índice SPI no primeiro cuartil (1), no segundo cuartil ou máis (2), se non aparecía no SPI (3).

	Editorial	Como autor/a	Como editor/a
Editorial de ámbito internacional	Tipo I1	24 puntos	8 puntos
	Tipo I2	18 puntos	6 puntos
	Tipo I3	12 puntos	4 puntos
Editorial de ámbito estatal	Tipo E1	16 puntos	6 puntos
	Tipo E2	12 puntos	4 puntos
	Tipo E3	6 puntos	2 puntos
Editorial de ámbito autonómico ou local	Tipo A1	10 puntos	3 puntos
	Tipo A2	6 puntos	2 puntos
	Tipo A3	4 puntos	1 puntos

A vicerreitora comenta que vai de acordo con COARA, e presenta a nova proposta, agradecendo o traballo da xente que traballa na Biblioteca:

Nova proposta consultada coa Biblioteca, onde se usarán novas bases de datos, en liña con COARA e cos novos criterios para os sexenios:

Establecer só tres categorías, coas internacionais, nacionais e locais integradas:

Categoría CE1:

As que teñan un VALOR ALTO no **IE-CSIC** (índice de editoriais CSIC) ou que formen parte da listaxe de **Master Book List Publishers** de WOS, ou as que aparezan coa marca **Doab, directory of open access books** - PRISM e mostren información sobre os procesos de revisión por pares dun editor/a.

Categoría CE2:

As que teñan un VALOR MEDIO no **IE-CSIC** (índice de editoriais CSIC), **Scholarly Publishing Indicators (SPI)**, **Doab, directory of open access books** sen marca e **OASPA**.

Categoría CE3:

As que teñan un VALOR BAIXO no **IE-CSIC** (índice de editoriais CSIC). Tamén formarán parte da categoría I3 aquelas editoriais que poidan acreditar algúns dos seguintes requisitos:

1. Que contén cun sistema de avaliación e de selección de orixinais.
2. Importancia da editorial na materia que tratan. Algúns destes datos poden consultarse a través da páxina da **Federación de Editores** por medio da pestana «Editoriais->Directorios».
3. Calidade formal da edición (boa calidade de impresión, contidos estruturados, índices de autores/as, materias, referencias...)

Producción de investigación

Ata agora existían nove categorías nas editoriais que xurdían da combinación de dous criterios:

1. Editorial de ámbito internacional (I), nacional (E) e local (A).
2. Se a editorial aparecía no índice SPI no primeiro cuartil (1), no segundo cuartil ou máis (2), se non aparecía no SPI (3).

Libros

Editorial	Autor/a	Editor/a
CE1	30	10
CE2	20	8
CE3	12	5

Capítulos de libros

Editorial	Autor/a
CE1	12
CE2	6
CE3	4

	Editorial	Como autor/a	Como editor/a
Editorial de ámbito internacional	Tipo I1	24 puntos	8 puntos
	Tipo I2	18 puntos	6 puntos
	Tipo I3	12 puntos	4 puntos
Editorial de ámbito estatal	Tipo E1	16 puntos	6 puntos
	Tipo E2	12 puntos	4 puntos
	Tipo E3	6 puntos	2 puntos
Editorial de ámbito autonómico ou local	Tipo A1	10 puntos	3 puntos
	Tipo A2	6 puntos	2 puntos
	Tipo A3	4 puntos	1 puntos

Transferencia: simplificación PT 2024

Unificar a puntuación en actividades de I+D, proxectos de I+D+i e proxectos de cooperación internacional (de calquera importe), de tal xeito que o número deles non influía na puntuación obtida. Os motivos do cambio son homoxeneizar a puntuación e simplificar o proceso de valoración. De tal xeito que quedarían todos os casos como colaborador 5 puntos.

	2023	2024
Actividades de I+D	C.1.2 No caso de ser colaborador e haber un máximo de catro colaboradores, 10 puntos.	C.1.2 No caso de ser colaborador, 5 puntos.
	C.1.3 No caso de ser colaborador e haber cinco ou máis colaboradores, 5 puntos.	
Proxectos de I+D+i	C.2.2 No caso de ser colaborador e haber un máximo de catro colaboradores, 10 puntos.	C.2.2 No caso de ser colaborador, 5 puntos.
	C.2.3 No caso de ser colaborador e haber cinco ou máis colaboradores, 5 puntos.	
Proxectos de cooperación internacional (> 60 K)	J.1.2 No caso de ser colaborador e haber un máximo de catro colaboradores, 10 puntos.	J.1.2 No caso de ser colaborador, 5 puntos.
	J.1.3. No caso de ser colaborador e haber cinco ou máis colaboradores, 5 puntos.	
Proxectos de cooperación internacional (< 60 K)	J.2.2 No caso de ser colaborador e haber un máximo de catro colaboradores, 5 puntos.	J.2.2 No caso de ser colaborador, 5 puntos.
	J.2.3. No caso de ser colaborador e haber cinco ou máis colaboradores, 2 puntos	

Transferencia: simplificación PT 2024

Eliminar a puntuación correspondente ao importe da facturación anual das spin-offs.
O motivo é que, indirectamente, o persoal investigador xa obtén beneficios,
económicos ou non, polo importe da facturación anual da spin-off.

F. Creación de Empresas de SPIN-OFFs	Nota F
F.1. Nº de empresas creadas.	20
F.2. Importe da facturación anual.	1

Aprobado por asentimento pola Comisión de Investigación o 4 de setembro de 2024.

A vicerreitora engade que a parte de Produción e a de Transferencia foron aprobadas ambas por asentimento na Comisión de Investigación celebrada o 4 de setembro de 2024, pensando que vai simplificar e mellorar a avaliación do próximo ano.

A continuación, o reitor cede á palabra a José Francisco Montero Reguera, decano da Facultade de Filoloxía e Tradución, quen refire un carácter léxico e semántico no que se refire á edición de revistas. Aparece para ser valorado editor/a, xefe/a, mais a vella denominación é director/a de revista, inclúe tamén o concepto de xefe/a. O reitor comenta que podería incluírse o equivalente. O decano da FFT comenta un caso concreto, CSIC exclúe todo o que non sexa director/a. Habería que engadilo. Mellor engadir en xefe/a, o cargo de director/a, xa que prevalece a literalidade, nestas revistas tipo A, habería problemas.

Se toma a decisión de engadir a denominación de Director/a.

O reitor cede a palabra a Carmen Ruiz Hidalgo, quen considera inxusto que non apareza tamén o secretario/a, quen moitas veces ten o cometido de maior carga de traballo. Considera que tense que incluír no futuro, que se teña en conta. O reitor sinala que se terá en conta para o próximo ano. Miguel Cuevas Alonso fai un rogo, un aumento do valor do punto, xa que é un pouco triste, non incentiva aos máis novos na investigación. Pide que se considere se podería incluírse tamén aos que integran as listas de agarda (para o ano que ven). O reitor comenta que debemos analizar os orzamentos para ver se se podería engadir iso.

A vicerreitora di que non é soamente o valor do punto, senón que hai moitos mais indicadores á hora de cualificar, para repartir os puntos. Incrementouse un 10% este ano, e veremos para o futuro o que se pode facer. Onte chegou unha petición dos que están na lista de agarda, o ve complicado porque poden moverse moito da lista, cambiar de posto, entón o ve máis difícil. Miguel Cuevas fala da mobilidade que citou a vicerreitora: é dentro da Universidade de Vigo, podería terse en conta se aparece a filiación coa nosa universidade.

O reitor cede despois a palabra a Rebeca Pilar Díaz Redondo, xa que ten unha dúbida con respecto a seguinte diapositiva:



Nova proposta consultada coa Biblioteca, onde se usarán novas bases de datos, en liña con COARA e cos novos criterios para os sexenios:

Establecer só tres categorías, coas internacionais, nacionais e locais integradas:

Categoría CE1:

As que teñan un VALOR ALTO no **IE-CSIC** (índice de editoriais CSIC) ou que formen parte da listaxe de **Master Book List Publishers** de WOS, ou as que aparezan coa marca **Doab, directory of open access books** - PRISM e mostren información sobre os procesos de revisión por pares dun editor/a.

Categoría CE2:

As que teñan un VALOR MEDIO no **IE-CSIC** (índice de editoriais CSIC), **Scholarly Publishing Indicators (SPI)**, **Doab, directory of open access books** sen marca e **OASPA**.

Categoría CE3:

As que teñan un VALOR BAIXO no **IE-CSIC** (índice de editoriais CSIC). Tamén formarán parte da categoría I3 aquelas editoriais que poidan acreditar algúns dos seguintes requisitos:

1. Que contén cun sistema de avaliación e de selección de orixinais.
2. Importancia da editorial na materia que tratan. Algúns destes datos poden consultarse a través da páxina da **Federación de Editores** por medio da pestana «Editoriais->Directorios».
3. Calidade formal da edición (boa calidade de impresión, contidos estruturados, índices de autores/as, materias, referencias...)

Rebeca Pilar Díaz Redondo pregunta se a produción científica para o ano que ven vaise facer en torno a estas tres categorías.

A vicerreitora explica que é para libros a categorización de libros, e capítulos de libros, non de revistas. Rebeca Pilar Díaz Redondo agradece á explicación.

Apróbase por asentimento.

O reitor, antes de ceder a palabra para o seguinte punto, fala da importancia de COARA, de seguir nese camiño, e tamén da automatización posible, que se faga a valoración automática, estamos traballando ben para o futuro. Engade tamén que seguimos co tema da publicación aberta, a Universidade vai moi ben nesta senda de publicacións en aberto xa que esgotamos con moita frecuencia as prazas de editoriais para publicar en aberto.

A vicerreitora comenta que o vindeiro 10 de outubro van comezar cos traballos de COARA cos voluntarios que se presentaron para facer ese traballo, e mellorar nese sentido.

7. Aprobación, se procede, da modificación dos parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do SUG. Acceso ao curso 2025/2026.

O reitor explica que xa foron aprobadas, pero atoparon algún erro, modificáronse, e por iso pasa por Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

8. Nomeamento en substitución de dous membros da Comisión de Permanencia e Progreso: María Ángeles Cancela Carral polo sector directores(as decanos/as e Miguel Ángel Piñero Vivas polo sector de estudiantado.

O reitor comenta as substitucións previstas.

Apróbanse por asentimento.

9. Elección dos seguintes membros das seguintes comisións delegadas do Consello de Goberno: Organización Académica e Profesorado (1 estudante); Planificación e Asuntos Económicos (1 estudante) e Extensión Universitaria e Estudiantes (1 estudante).

O reitor sinala que non se presentaron candidaturas, quedan para a seguinte sesión do Consello de Goberno.

Miguel Ángel Piñero quere presentar a súa candidatura a unha delas, pero queda para o próximo Consello de Goberno.

Jaime González propón que poidan estar estudantes que non pertencen ao Consello de Goberno. Tendo en conta a limitación (cree que é 8) solicita que se explore a posibilidade de que sexan claustrais. O reitor responde que agora mesmo é imposible, a ver se falando entre eles poden chegar a un acordo.

10. Elección dun representante na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 estudante.

O reitor comenta que se presentou unha candidatura de Anxo Gesto Gayoso, pero o alumno aínda non está matriculado no programa de doutoramento. A matrícula abrangue do 1 ao 7 de outubro, polo que se levará á seguinte sesión ordinaria do Consello de Goberno.

11. Elección de representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Tecnolóxico e 1 estudante do ámbito científico.

O reitor comenta que se presentou soamente a candidatura de Juan José López Escobar, estudante do ámbito tecnolóxico, como representante no Comité de Dirección da EIDO, polo que non é necesario celebrar eleccións.

Non se presentaron candidaturas dun estudante do ámbito científico

Apróbase por asentimento.

12. Quenda de intervencións.

O reitor cede a palabra a Miguel Cuevas, quen ten unha parte de preocupación e outra de solicitudes ao reitor.

A preocupación ten que ver con profesorado, xa que a vicerreitora aínda non convocou a mesa de negociación, e dicir, aínda non se reuniu cos sindicatos estando o tema do convenio Integra, que se aprobou na COAP, ata o momento inexistente, que está a día de hoxe sen asinar, e que cambia as regras de xogo. Ten que negociarse coa mesa, a UDC xa convocou a mesa sindical para falar desta cuestión. Se aprobou na COAP sen negociación, isto non coincide co que van facer o resto das universidades galegas que van a convocar a mesa sindical para falar desta cuestión.

A segunda cuestión é que quere saber cantas prazas van saír na OEP. Sabe que depende dos orzamentos pero quere saber cantas prazas van a saír de Contratados Doutores, Titulares e Catedráticos, de Promoción, de Libre Disposición, etc. para saber tamén cal é a idea que se ten do teito de gasto e tamén do teito da masa salarial.

Fala tamén da gran cantidade de invitados que hai, polo que pide que se regularice a lista de agarda porque as horas como profesores invitados non contan para a acreditación. Quere que se solucione canto antes e se reduza ao mínimo imprescindible, porque ademais non respectan o criterio de mérito e capacidade. Incide seguidamente no tema pendente de transformación de contratados doutores en profesorado permanente laboral. O procedemento quedou parado en mesa de negociación, pero debe retomarse. É un dereito que establece a LOSU polo que deberíamos ter un procedemento, xa que quedou parado no seu momento na mesa de negociación, pero é necesario volver a poñelo en marcha.

Outro tema é o do PTXAS: a non substitución da xente que está en folga produce atrancos no servizo e problemas no propio funcionamento ás veces dos centros, estase comezando a constatar. En momentos de moito traballo, como matrículas, síntese moito. Hai xente que queda polas tardes para resolver os atrancos, e felicita a esa xente polo traballo que fan. Pide que se fagan as substitucións e se cubran as baixas. Por outra banda, comenta que ás veces chegan e-mails que non veñen asinados por ninguén, quere que se asinen por parte da persoa responsable. Por último, comenta que hoxe é día de folga e que non houbo ningunha previsión, convocouna un sindicato minoritario pero poderíamos atoparnos con problemas, con servizos pechados, e teríamos que estar pendentes desta cuestión.

O reitor comenta que cando informan dunha folga establécense servizos mínimos, pero non chegou ao reitorado ningunha información da mesma. Fala dos estatutos, onde está regulado o paro académico, a folga estudantil, e teñen que facer chegar a reitoría a folga que corresponda para poder adoptar as medidas pertinentes. O tema dos correos non asinados, toma nota, pero non sabe á que se refire. No tema do paso de Contratado Doutor á PPL, as figuras son equivalentes e pasarán pola mesa de negociación, para poñer en marcha o procedemento. Nos Estatutos estamos pensando nunha transitoria de equivalencia por se alguén non quere pasar a PPL, para que teña os mesmos dereitos que o PPL, co cal xa non sería preciso facer a mudanza, pero queda en miralo e negocialo na mesa. Polo que se refire aos invitados, non é o mellor, pide un pouco de paciencia para poder arranxar este tema pouco a pouco. Con respecto a OPE, seguimos coa mesma folla de ruta desde sempre, é obvio que seguirase falando nas mesas de negociación. Temos moi clara a promoción de persoal (PDI e PTXAS) e o cumprimento das medidas máis potentes, estamos

traballando e moitas delas xa se levaron a cabo. As prioridades son os titulares e catedráticos e despois todo o que se poida coas demais figuras, e seguimos coa idea de baixar as bolsas de acreditados.

O reitor, a continuación, explica o procedemento dos contratos-programa: non existen, os temos que aprobar en Consello de Goberno e temos que chegar a un acordo cos departamentos que están atinxidos. Dá as grazas á Asesoría Xurídica por ter informado con prazos moi xustos todo o relativo ao programa María Goyri, que son prazos que veñen dadas e sobre as que a Universidade de Vigo non interveu para nada. Son prazos para as áreas que teñen necesidades docentes, non hai ningunha praza que sexa para un departamento que non teña necesidades docentes. Hai un compromiso estrito para estas prazos de que serán pagadas pola Xunta e polo Ministerio, polo que son un regalo xa que non teñen problema coa masa salarial nin co orzamento, e cando rematen a Xunta vaise facer cargo deses soldos, e tampouco estarán afectadas pola taxa de reposición, polo tanto non hai motivo de queixa, agradecendo o apoio da Xunta de Galicia.

A vicerreitora de Profesorado, Adela Sánchez Moreiras, intervén a continuación para explicar que a Xunta comentou que o Ministerio comunicara a todas as CCAA que o texto do convenio fora revisado pola Avogacía do Estado, polo que non se podía cambiar nada. Pidiu datos con nomes e apelidos dos asociados e axudantes doutores das diferentes áreas en base aos criterios que pediu a Xunta, ata o 1 de xuño do 2024, criterio co que non está de acordo. A vicerreitora comenta que nunca dixo por escrito que se ían mudar os criterios do contrato-programa, non sabe se Miguel Cuevas fala dela ou de outro vicerreitor anterior, e de feito está a negociar con todos os departamentos. En canto teñan eses contratos-programa asinados polos departamentos convocará a mesa de negociación.

O reitor, por outro lado, comenta que non se compromete a presentar máis en mesa de negociación o plan especial de promoción de asociados, compromiso moi forte no primeiro mandato, non recibido con moito agarimo por parte dos representantes sindicais, salvo os dos asociados, pero hai que presentar outra pantalla. Quere ademais deixar claro que este equipo de goberno defendeu os dereitos das persoas, xa que o temos metido dentro da pel.

Continúa o debate, Miguel Cuevas comenta que non é do 1 de agosto, desa data será o convenio, pero o programa integra ven de fai moito tempo, o que houbo foron problemas nas formas de facer as cousas. El está encantado de que veñan prazos, pero se produce un cambio nas regras do xogo, é un convenio que aínda non está asinado e polo tanto non existe. Fala de que non pasaron os contratos programa por aquí pero algúns departamentos asinaron un documento de compromiso, o problema está no procedemento.

O reitor incide en que se xuntamos o noso criterio coas prazos que saen, a imaxe final pode ser a que queríamos.

A vicerreitora di que quere matizar unha cousa, aínda que non é lingüista lle interesa concretar o valor das palabras, a USC informou soamente aos sindicatos, e a UDC convocou fai moi pouco tempo aos sindicatos para informalos, non pensa que fixeran un procedemento diferente. Recalca que non se cambiaron os criterios do contrato programa, xa que non prometeu nada. Hai debate.

O reitor cede a palabra a Arno Fornella, quen intervén para falar de tres temas relacionados con diñeiro. Fala da Escola Superior de Enxeñaría Informática, teñen un incremento de estudantes dun 25% e o próximo ano un incremento adicional dun 7%, polo que lle gustaría saber os criterios para o diñeiro que se concede aos centros. Divídese nos presupostos o diñeiro repartido. Deberían ter moito mais, cando están os últimos da fila, e quere unha aclaración do diñeiro por alumno. Outro tema é sobre un pedido que foi anulado por un cambio da aplicación do IVE en investigación, cando non saben nada os responsables do centro de gasto. Con respecto a outro tema, fala dos gastos das prazas e quen é o responsable de pagalos. Os departamentos ou quen, xa que non hai diñeiro para pagar á xente que está en tribunais. O reitor responde que haberá que buscar unha solución ao tema dos membros de tribunais, para pagar eses gastos, se os departamentos non teñen cartos. O pedido do IVE era un programa de doutoramento da EIDO. O reitor vai ver o asunto coa documentación que envíe Arno Fornella. O reitor cede despois á palabra á xerente, quen fala dunha visita da Inspección de Facenda que considerou que algúns pedidos teñen que ter un IVE diferente. Comenta ademais que informou aos administradores de todos os centros para que avisaran, vai pescudar se hai mais queixas de que non se informara debidamente.

A continuación, o reitor cede a palabra a Consuelo Pérez Vázquez quen pide que non se esquezan as baixas da maternidade, para que figure esa docencia e non prexudicar ás persoas que necesitarán acreditacións, e se ten que contemplar esa docencia aínda que non a vaian a dar.

O reitor agradece a Consuelo Pérez a súa suxestión, pediu xa os datos para que se arranxe esta situación. Consuelo Pérez pide tamén que no Portal de Transparencia poida figurar cantas horas se cobren coas listas de agarda. Outra pregunta é se a normativa de profesores asociados está previsto que se aplique no próximo POD. O reitor entende que necesitamos máis tempo, pero que tamén se pode falar na mesa de negociación e na COAP e consultará ao Portal de Transparencia se poden acceder á petición.

Rebeca Pilar Díaz Redondo intervén porque está preocupada coa xestión académica, os equipos de xestión académica teñen que estar pendentes de materias que non están ben, e teñen outras tarefas que facer. Polo que respecta aos PTXAS, causan baixa por estrés e non se están cubrindo as baixas, o que agrava máis a situación. Se descansa máis nos servizos informáticos (como todas as universidades) e quizais non estean ben xestionados, parece que non dan feito con todo. É un rogo para ir solucionando estes temas.

Con respecto ao que dixo Anxo Fornella, Rebeca indica que o número de estudantado é un argumento para dimensionar o orzamento dos centros pero hai outros argumentos, tamén se pode contemplar que os que teñen unha baixada necesitan mais cartos para ir facer labores de captación e poder remontar, así como ter en conta o número e variedade de titulacións ofertadas

O reitor di que o tema de reparto de centros non é un debate neste momento, aínda que podería poñerse de novo enriba da mesa e mudar os criterios establecidos ata o de agora. Recolle a luva cos temas formulados por Rebeca Díaz

Juan Santos Grandal fala con respecto aos puntos 10 e 11, para saber se calquera claustral pode acceder a eses cargos, e no punto 11 se a vacante do ámbito científico está incluída a de ciencias sociais.



O reitor comenta que no ámbito científico non está incluído, son pechados. A participación dos membros está especificada no propio punto.

José Montero Reguera ven de coñecer unha comunicación de prazas de axudante doutor, comenta que se poñan en contacto para cubrir datos derivados das prazas de axudantes doutor. É a primeira vez que se ve isto, é imposible facelo. Que quede constancia da súa estupefacción para arranxar este tema ademais a finais de outubro. O reitor comenta que buscará unha posible solución.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:20 h. do día 27 de setembro de 2024, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral